

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PXAD)



DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN I.E.S. MENDIÑO

ÍNDICE	PÁX
1. INTRODUCCIÓN	5
2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO	7
2.1 Cadro de profesorado curso académico 2012/13	9
2.2 Alumnado matriculado no instituto por grupos e niveis	9
2.3 Alumnado con necesidades educativas	9
2.4 Alumnado que require medidas de atención diversificadas	10
2.4.1 Alumnado con dificultades de aprendizaxe	10
2.4.2 Alumnado con dificultades emotivo- relacionais e/ou de conduta	11
2.4.3 Alumnado con diversas síndromes e/ou trastornos	11
3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES	11
3.1 Diagnóstico inicial 1º de ESO	11
3.2 Modalidades de agrupamento	12
3.3 Protocolo a seguir no caso de solicitar a intervención do Departamento de Orientación	13
3.4 Criterios de prioridade para a valoración do alumnado derivado ao Departamento de Orientación	14
4. DETERMINACIÓN DE OBXECTIVOS	14
5. DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA A ATENCIÓN A DIVERSIDADE	15
5.1 Medidas ordinarias aplicadas no centro	15
5.1.1 Outras medidas ordinarias que se poderán aplicar no centro	16
5.2 Medidas extraordinarias aplicadas no centro	16
5.2.1 Outras medidas extraordinarias que se poderán aplicar no centro	16
6. DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS	17
6.1 Criterios de utilización dos servizos de Apoio	17
6.2 Criterios para a organización dos apoios	18
6.2.1 Organización dos apoios	18

6.2.2 Cando exista alumnado que precise R.E. e non puidese recibir apoio especializado...	19
6.2.3 Onde se farán os apoios	19
7. CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO	20
7.1 Medidas ordinarias	21
7.2. Medidas Extraordinarias	21
8. MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS	21
8.1 Mecanismos de colaboración interna	21
8.2 Mecanismos de colaboración cos centros adscritos	22
9. CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO	22
10. PROTOCOLOS PARA A SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.	23
11. PROCESO DE SEGUIMENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN	23
11.1 Elaboración e relación co Proxecto Educativo	25
11.2. Seguimento avaliación e memoria	26
11.2. Supervisión	26
ANEXOS	27

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Curso escolar 2012/13 (Decreto 229/2011, do 7 de decembro polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia)

1. INTRODUCCIÓN

Antes de comezar co desenvolvemento da programación, é conveniente considerar algúns conceptos teóricos e legais que guiarán a actuación do Departamento de Orientación e o propio contido deste documento.

En primeiro lugar, o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) insírese dentro do Plan Xeral de Orientación Educativa do Centro, que a súa vez é un documento que forma parte do Proxecto Educativo do I.E.S., en proceso de elaboración, no que se concibe a orientación educativa como un proceso que inclúe a toda a comunidade educativa, que comeza coa escolarización do alumnado no IES e remata ao finalizar as ensinanzas regradas non universitarias. Asíse así unha concepción sistémica da orientación, na que todos os seus compoñentes están interrelacionados (alumnado, familia, centro, sociedade) e na que se integran aspectos relativos ao desenvolvemento persoal, ao proceso de ensino e aprendizaxe e á toma de decisións.

En segundo lugar, existen diversos convenios subscritos polo Estado español, tales como:

- A Declaración Universal dos Dereitos Humanos (1948), establece: “*Todos os seres humanos nacen libres e iguais en dignidade e en dereitos...*” (art. 1). “*Toda persoa ten dereito á Educación. A Educación debe dirixirse ao pleno desenvolvemento da personalidade humana e a afortalar o respecto dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais...*” (Art. 26).
- Diversas declaracións das Nacións Unidas, que culminaron no Programa de Acción Mundial para Persoas con Discapacidade (1982) e nas Normas Uniformes sobre Igualdade de Oportunidades para as Persoas con Discapacidade (1993), aprobadas pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas, instan aos Estados a garantir que a educación das persoas con discapacidade forme parte integrante do sistema educativo xeral.
- As conclusións da Conferencia Mundial sobre Necesidades Educativas Especiais, organizada polo Goberno Español en cooperación coa UNESCO e realizada en Salamanca en xuño de 1994, proclama, entre outras cousas, que:

- a) Os sistemas educativos deben ser planificados e os programas aplicados de maneira que teñan en conta toda a gama de características, intereses, capacidades e necesidades de aprendizaxe diferentes que son propias da cada alumna e cada alumno.
- b) As persoas con necesidades educativas especiais deben ter acceso ás escolas ordinarias, que deberán integralas nunha pedagogía centrada no neno ou nena, capaz de satisfacer esas necesidades.
- c) As escolas ordinarias con esta orientación integrada representan o medio máis eficaz para combater as actitudes discriminatorias, crear comunidades de acollida, construír unha sociedade integradora e conseguir a educación para todos e todas; ademais, proporcionan unha educación afectiva e, en definitiva, a relación custe-eficacia de todo o sistema educativo.
- d) Afírmase con rotundidade que: A integración e a participación forman parte esencial da dignidade humana e do goce e exercicio dos dereitos humanos.

En terceiro lugar, o actual marco lexislativo.

- Lei Orgánica 2/2006 de 3 de maio de Educación (LOE)
- Real Decreto 1631/2006 polo que se establece o currículo da Educación Secundaria Obrigatoria.
- Decreto 133/2007 polo que se establece o currículo de ESO na comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde do 6 de outubro de 1995 polo que se regula as Adaptación Curriculares nas ensinanzas de réxime xeral.
- Decreto 120/1998, do 28 de abril polo que se regula a orientación educativa e profesional na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 30/2007, do 15 de marzo, polo que se regula a admisión do alumnado en centros docentes sostidos con fondos públicos que imparten as ensinanzas reguladas na LOE.
- Orde 31 de outubro 1996 pola que se regula a avaliación psicopedagóxica de alumnos e alumnas con necesidades educativas especiais
- Circular 9/1999 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para atención á diversidade na Educación Secundaria Obrigatoria.

-
- Orde 6 de setembro de 2007 pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria.
 - Orde 27 de decembro de 2002 pola que se establecen as condicións e criterios para escolarización en centros sostidos con fondos públicos do alumnado de ensino non universitario con necesidades educativas especiais
 - Orde 30 de xullo de 2007 polo que se regulan os Programas de Diversificación Curricular na comunidade autónoma de Galicia.
 - Orde 21 de decembro de 2007 pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Decreto 229/2011 polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia.
 - Así como todas aquelas leis, decretos, ordes e demais disposicións legais que afecten ao desenvolvemento do PXAD.

En cuarto lugar, partindo do exposto anteriormente, a orientación educativa e profesional establécese como dereito da totalidade de alumnos e alumnas no artigo 2 da Lei Orgánica da Educación (LOE 2/2006 do 3 de maio). Doutra banda, o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) é o documento en que se articula a atención á diversidade á que se refire o artigo 121.2 da mencionada Lei Orgánica 2/2006.

Pola súa parte, a Consellería de Educación da Xunta de Galicia, no Decreto 229/2011, do 7 de decembro, regula a atención á diversidade do alumnado na Comunidade Autónoma de Galicia nos centros en que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006.

No referido Decreto 229/2011 da Consellería de Educación da Xunta de Galicia, concíbese a atención educativa á diversidade como: *“Un conxunto de medidas e accións deseñadas coa finalidade de adecuar a resposta educativa ás diferentes características, potencialidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses e situacións sociais e culturais de todo o alumnado. Estas medidas e accións implican a toda a comunidade educativa e deben concretarse en propostas curriculares e organizativas que teñan en conta a pluralidade de todas e cada unha das alumnas e dos alumnos.”*

Segundo co Decreto 229/1011, este indica que: *“O obxectivo educativo de conseguir que todas as persoas acaden o máximo desenvolvemento persoal e social posible require que se lles facilite unha*

educación adaptada ás súas singularidades, que se lles garanta unha igualdade efectiva de oportunidades e que se lles ofrezan os recursos necesarios, tanto ao alumnado que o precise como aos centros en que se escolarice. E sendo isto necesario para a totalidade do alumnado, máis nos casos de aquel que presenta necesidades educativas especiais, dificultades específicas de aprendizaxe, altas capacidades intelectuais, incorporación tardía ao sistema educativo ou unhas condicións persoais ou de historia escolar moi desfavorables...”

En consecuencia, o mencionado Decreto, sinala que: *“Ningunha circunstancia persoal ou social pode ser motivo de discriminación á hora de organizar a atención educativa do alumnado, polo que os centros educativos deberán ofrecer unha resposta que compense as diferenzas individuais de todas as alumnas e alumnos, no marco dos principios de normalización e inclusión e desde a consideración da diversidade como un elemento enriquecedor para o conxunto da sociedade”.*

Para rematar, o Decreto establece no artigo 11 que: *“Os Departamento de Orientación, ou os seus equivalentes nos centros privados concertados, serán os responsables de elaborar, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica a as achegas dos Departamentos e/ou equipos de ciclo, a proposta de Plan Xeral de Atención á Diversidade que trasladarán ao Equipo Directivo”.*

2. XUSTIFICACIÓN BASEADA NO CONTEXTO

Tal como se enunciaba na introdución, a atención á diversidade e a educación inclusiva figuran neste momento en todas as axendas dos organismos internacionais educativos e, o que é máis importante, comeza a ser un valor asumido por toda a sociedade. Quen comparte o convencemento de que calquera persoa debe poder ver realizados na súa vida os dereitos de todo ser humano, comprende con facilidade que, se a educación escolar quere contribuír a esta meta, as escolas deben ser lugares de inclusión.

A integración de nenas e nenos con necesidades educativas especiais, non só é beneficioso para elas e eles, senón que mellora a calidade educativa, xa que a súa integración no ámbito da escola común significa que ocuparán un espazo social, establecerán vínculos baseados na satisfacción das súas necesidades, crearán espazos de aprendizaxe mutuos e poderán prepararse máis eficazmente para interactuar logo no ámbito laboral (Martí 2011).

A atención á diversidade é a clave da educación inclusiva, como se vén poñendo de manifesto nos resultados das avaliacións internacionais da calidade dos sistemas educativos. O concepto de calidade que subxace nestes estudos implica un equilibrio entre excelencia e equidade. É dicir, un sistema é de maior calidade na medida e que todo o seu alumnado aprende o máis posible. A excelencia dos sistemas educativos ou dos centros escolares mídese a través

dos seus niveis de rendemento, pero este non é o único indicador, senón que se ten en conta a clase social, o xénero, a etnia ou o hábitat. En síntese, un sistema educativo ou un centro escolar terá alcanzado un maior nivel de equidade cando estas variables non sexan predictoras dos niveis de rendemento do alumnado.

O IES Mendiño está situado nunha antiga xunqueira, que na actualidade está convertida nunha zona de servizos sanitarios, educativos e deportivos nas proximidades do centro da Vila.

O IES Mendiño, no presente curso escolar 2012/13, ten a seguinte unha oferta educativa:

- Educación Secundaria Obrigatoria (ESO)
- Bacharelatos de: Ciencias e Tecnoloxía e Humanidades e Ciencias Sociais.

O alumnado que recibe o IES para cursar a Educación Secundaria Obrigatoria (ESO) procede na súa maioría das parroquias de Cedeira, Cesantes e Quintela do Concello de Redondela. A extracción social e cultural das súas familias é media-baixa. Son fillas e fillos de traballadores por conta allea cunha cualificación profesional media-baixa. A porcentaxe de alumnado cuxos proxenitores son profesionais con alta cualificación é moi reducida.

É necesario mencionar que tamén se recibe alumnado da Institución Aldeas Infantiles. Este alumnado adoita ter problemáticas diversas e trastornos de tipo social, académico, condutual e relacional.

Hai que mencionar tamén que na parroquia de Cesantes residen familias procedentes de Marrocos, cuxa escolarización corresponde ao IES Mendiño. Ditas familias residen no Concello de Redondela desde hai xa varios anos e a maioría do alumnado xa cursou a Educación Primaria nos Colexios Públicos da zona.

2.1. Cadro de profesorado curso académico 2012/13

CURSO ACADÉMICO 2012 - 2013																	
DEPARTAMENTO	Ciencias da Natureza	Educación Plástica e visual	Economía	Educación Física	Filosofía	Física e Química	Lingua estran. Francés	Lingua estran. (Inglés)	Grego e Latín	Lingua Castelá	Lingua Galega	Matemáticas	Música	Orientación	Relixión	Tecnoloxía	Xeografía e Historia
PROFESORADO	4	1	1	2	1	2	1	4	1	4	5	4	1	3	2	1	3

2.2. Alumnado matriculado no Instituto por grupos e nivel.

CURSO ACADÉMICO 2012 - 2013														
GRUPO	1ºESO"A"	1ºESO"B"	1ºESO"C"	2ºESO"A"	2ºESO"B"	3ºESO"A"	3ºESO"B"	4ºESO"A"	4ºESO"B"	1ºBACH"A"	1ºBAC"B"	1ºBACH"C"	2ºBACH"A"	2ºBACH"B"
ALUMNADO	24	24	25	29	29	30	17	22	23	21	21	20	33	27
												TOTAL ALUMNADO:	345	

2.3. Alumnado con necesidades educativas

CURSO ACADÉMICO 2012 - 2013														
GRUPO	1ºESO"A"	1ºESO"B"	1ºESO"C"	2ºESO"A"	2ºESO"B"	3ºESO"A"	3ºESO"B"	4ºESO"A"	4ºESO"B"	1ºBACH"A"	1ºBAC"B"	1ºBACH"C"	2ºBACH"A"	2ºBACH"B"
ALUMNADO	-----	2	10	3	5	1	3	-----	-----	1	-----		-----	-----
												TOTAL ALUMNADO:	25	

2.4. Alumnado que require medidas de atención diversificadas

2.4.1. Alumnado con dificultades de aprendizaxe

Alumnado que presenta dificultades específicas que interfieren no proceso de aprendizaxe.

Este alumnado estará integrado nas aulas de referencia e será atendido nas sesións que se determine, en función das súas necesidades e dispoñibilidade, preferentemente por profesorado dos Departamentos Didácticos do nivel no que está escolarizado con medida de Reforzo Educativo (RE)

A atención poderá ser proporcionada fóra da aula ordinaria.

Para valorar as dificultades de cada alumno ou alumna que reciba Reforzo Educativo realizarase un seguimento dos seus progresos, utilizando protocolos recollidos no ANEXO 4.

2.4.2. Alumnado con dificultades emotivo-relacionais e/ou de conduta.

Alumnado que presenta problemas de comportamento ou condutas disruptivas na aula, que non está diagnosticado polos servizos de saúde de grave trastorno da personalidade.

Este alumnado estará integrado na súa aula de referencia e será atendido, nas sesións que se determine, en función das súas necesidades e dispoñibilidades, polo profesorado do Centro como medida de Reforzo Educativo (RE) e rexistrarse no documento que figura no ANEXO 4.

A atención poderase proporcionar fóra da aula ordinaria e, de considerarse necesario, na Aula de Atención Educativa e Convivencia (Circular 8/2009 e Decreto 229/2011).

2.4.3. Alumnado con diversas síndromes e/ou trastornos

CURSO ACADÉMICO 2012-2013	
TIPOLOXÍA	ALUMNADO AFECTADO
Trastorno Xeneralizado do Desenvolvemento (TXD) (Contorno autista. Asperxer)	4
Síndrome de Tourette	1
Trastorno Xeneralizado de Aprendizaxe (sen especificar).	10
Trastornos por Déficit de Atención con Hiperactividade (TDAH)	2
Trastornos por Déficit de Atención e comportamento perturbador	5
Retraso madurativo	2
Trastorno da comunicación e da linguaxe. Afasia?	1

3. IDENTIFICACIÓN E VALORACIÓN DE NECESIDADES

A identificación e valoración de necesidades, por parte do Departamento de Orientación do IES, realízase da seguinte maneira:

3.1. Diagnóstico inicial do alumnado de 1º de ESO:

a) No terceiro trimestre páctase entre os Departamentos de Orientación de Educación Primaria e Secundaria unha visita do alumnado de 6º de Educación Primaria ao Instituto nunha Xornada de Portas Abertas, na que se realiza un percorrido polo Centro.

b) Xuntanza no terceiro trimestre cos Departamentos de Orientación de Educación Primaria e Secundaria, representación do Equipo Directivo do IES e profesorado titor de Educación Primaria, para facer unha primeira valoración cualitativa do grupo e de cada alumna e alumno de

6º curso de Educación Primaria. Faise entrega do **Documento de Transición** do alumnado de Educación Primaria á Educación Secundaria Obrigatoria, así como outros documentos (probos estandarizadas, informes, ACIs, ...) de interese para realizar unha correcta transición do alumnado

c) Avaliación inicial:

Tal como se reflicte no artigo 4 da Orde 21 de decembro de 2007 da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria *“Ao comezo de cada curso e coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada materia ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe, o profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha avaliación inicial, incidindo na obtención de información sobre os coñecemento previos do alumnado en cada unha das materias e o grao de desenvolvemento das competencias básicas...”*

“[...] A avaliación inicial será o punto de referencia para a toma de decisións relativas ao desenvolvemento do currículo, así como para adoptar aquelas medidas de apoio, reforzo e recuperación que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno”

■ Os Departamentos Didácticos realizarán unha avaliación inicial, de acordo cos modelos elaborados por cada un deles, partindo dos pre-requisitos de aprendizaxe esixidos en cada materia.

■ Levarase a cabo unha xuntanza de equipos docentes, onde se decidirá o tipo de agrupamento adecuado para cada alumno ou alumna, tendo en conta todo o anterior. Os tipos de agrupamento examínanse no apartado de “Modalidade de Agrupamentos”.

Realizaranse avaliacións Iniciais, de acordo cos modelos establecidos polos respectivos Departamentos Didácticos. A Xefatura de Estudos, co asesoramento do Departamento de Orientación, decidirá o tipo de agrupamento adecuado para cada alumno ou alumna, tendo en conta as propostas do Equipo docente na Avaliación Final de xuño e na Avaliación Extraordinaria de setembro do curso anterior, así como o resultado da Avaliación Inicial.

3.2. Modalidades de Agrupamento:

Unha vez feitas as avaliacións iniciais, o equipo docente decide o tipo de agrupamento máis adecuado para cada alumno e alumna, tendo en conta, como xa se indicou, toda a información que se obtivo de o cursos anteriores.

■ Agrupamento ordinario ou normalizado: Alumnado con nivel de competencia curricular apropiado para a súa idade e curso.

■ Desdobramentos de grupos (Orde 6 de setembro de 2007 e Decreto 229/2011): Alumnado cun retraso curricular pouco significativo.

■ Agrupamento específico Circular 9/1999 e Decreto 229/2011: Alumnado cun retraso curricular significativo.

Estes agrupamentos serán revisables ao longo de todo o curso escolar.

De se presentar un caso extraordinario, estudarase a súa revisión inmediatamente. No resto de casos, faranse revisións trimestrais para o posible cambio de tipo de agrupamento.

3.3. Protocolo a seguir no caso de solicitar a intervención do Departamento de Orientación.

No caso de que a problemática específica dun alumno ou alumna esixa unha intervención máis individualizada e se solicite unha avaliación psicopedagóxica ao Departamento de Orientación (D.O.), este proporcionará un instrumento de derivación para ser cumprimentado polo titor ou titora do grupo-clase que corresponda (ANEXO II)

A proposta do proceso é a seguinte:

PROCESO	ACTIVIDADE
1	Detección das necesidades educativas específicas do alumnado na aula tendo en conta as dificultades para seguir o proceso de aprendizaxe.
2	Formulación da demanda de avaliación psicopedagóxica por parte do profesorado titor, segundo formulario que proporciona o D.O. (Anexo II)
3	Remisión da solicitude á Xefatura de Estudos para o seu coñecemento e desde a Xefatura ao D.O. coa finalidade de planificar a avaliación.
4	Realización da avaliación psicopedagóxica por parte do D.O. e remisión do informe correspondente á Xefatura de Estudos, que se poñerá en contacto co profesorado titor implicado (Anexo III).
5	Planificación das medidas educativas e aplicación das mesmas por parte do titor ou titora en colaboración co equipo docente e do D.O. Se fose necesaria unha ACI, esta será elaborada polo profesor ou profesora da materia co coñecemento do Departamento Didáctico correspondente, a fin de que se inclúa na súa programación.
6	Seguimento do/s programa/s adaptado/s.

3.4. Criterios de prioridade para a valoración do alumnado derivado ao Departamento de Orientación.

A demanda de avaliación psicopedagóxica atenderase de acordo cos seguintes criterios de prioridade:

- I. Alumnado para o que sexa prescrito realizar a Avaliación Psicopedagóxica nos prazos prefixados (alumnado con necesidades educativas, previamente diagnosticadas, que precise revisión por cambio de etapa; alumnado susceptible de ser proposto para modificar o seu período de escolaridade obrigatoria, ...).
- II. Alumnado expresamente indicado pola Xefatura de Estudos, por concorrer nel determinadas circunstancias que demanden urxencia na súa atención.
- III. O alumnado será atendido por rigoroso orde de data de solicitude, alternando 1º e 3º de ESO con 2º e 4º de ESO. No caso de ser formulada unha solicitude no Bacharelato, esta será atendida unha vez realizadas as valoracións do ensino obrigatorio.

4 DETERMINACIÓN DOS OBXECTIVOS

- a) Conseguir unha atención educativa de calidade respecto ás necesidades específicas e diferenciais que presenta o alumnado.
- b) Detectar as necesidades educativas do alumnado do Centro derivadas de circunstancias individuais, sociais ou culturais.
- c) Atender de forma personalizada ao alumnado que presenta necesidades educativas específicas en razón de súa discapacidade, circunstancias de desvantaxe ou superdotación intelectual.
- d) Asegurar o acceso ao currículo ao alumnado con necesidades educativas especiais, de acordo co principio de igualdade de oportunidades.
- e) Facilitar a titulación de Graduado en Educación Secundaria Obrigatoria a todo o alumnado do Centro, independentemente do seu punto de partida. Así mesmo, trátase de facilitar o acceso á titulación de Bacharelato ao alumnado que opte por ditos estudos.

- f) Paliar o fracaso e o abandono escolar, atendendo a cada alumna ou alumno en función das súas necesidades específicas.
- g) Mellorar os niveis de integración condutual do alumnado con alteracións de comportamento no ámbito escolar.
- h) Garantir unha orientación personalizada en función das características e necesidades do alumnado.

5 DESCRICIÓN DAS ACTUACIÓNS, MEDIDAS E/OU PROGRAMAS PARA ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Calquera medida, sexa ordinaria ou extraordinarias, debido ao seu carácter flexible, poderá ser aplicada en calquera momento ao longo do curso escolar, sempre de acordo co establecido no Decreto 229/2011.

En consecuencia, de acordo co mencionado Decreto, as medidas e programas de atención á diversidade son as seguintes:

5.1. Medidas Ordinarias aplicadas no IES.

- a) Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- b) Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.
- c) Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- d) Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.
- e) Aulas de atención educativa, convivencia e medidas destinadas á mellora da convivencia.
- f) Desdobramentos de grupos (nalgúns grupos na materia de Lingua estranxeira, Inglés). A proposta de desdoblamento de grupos está contemplada na Orde do 6 de setembro de 2007.
- g) Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas. As características, organización e distribución do mesmo establécense na Orde do 6 de outubro de 1995, Orde 6 setembro de 2007 e Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade para o alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria..

-
- h) Programas de recuperación. Establécense na Circular 8/2009 da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa

5.1.1. Outras Medidas Ordinarias que se poderán aplicar no centro (Decreto 229/2011).

- a) Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.
- b) Programas de enriquecemento curricular.
- c) Programas específicos personalizados.
- d) Programas de habilidades sociais.

5.2 Medidas Extraordinarias aplicadas no centro.

- a) Adaptacións curriculares. Decreto 229/2011 e Orde 6 de outubro de 1995.
- b) Agrupamentos flexibles. Decreto 229/2011 e Circular 9/1999 da Dirección Xeral de Ordenación Educativa e Formación Profesional pola que se ditan instrucións para a atención á diversidade na educación secundaria obrigatoria.
- c) Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica, tanto dentro da aula ordinaria como fóra dela.
- d) Alumnado exento de cursar a materia de segunda lingua estranxeira, nos termos recollidos no artigo 5. f) da Orde de 6 de setembro de 2007, ao que imparte docencia o profesor de Pedagogía Terapéutica. Decreto 229/2011.
- e) Programas de diversificación curricular. Orde 30/07/2007 e acordos do Claustro.

5.2.1. Outras Medidas Extraordinarias que se poderán aplicar no centro.

Decreto 229/2011

- a) Flexibilización da duración do período de escolarización.
- b) Grupos de adquisición de linguas.
- c) Grupos de adaptación da competencia curricular.
- d) Programas de cualificación profesional inicial
- e) Atención educativa ao alumnado que, por circunstancias diversas, presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro educativo.

6 DETERMINACIÓN DOS CRITERIOS PARA ORGANIZACIÓN E DISTRIBUCIÓN DOS RECURSOS E APLICACIÓN DAS MEDIDAS PROPOSTAS

As actuacións, descritas no apartado anterior, están dirixidas a atender ao conxunto do alumnado e deben ter como referente a normalización das diferenzas dentro do contexto da aula e do centro, o respecto ás mesmas, e o énfase na superación dos obstáculos asociados á diversidade de todo tipo (persoal, social, cultural, ...).

O Decreto 229/2011 é o marco lexislativo, xa que dita norma marca a liña a seguir aos Centros educativos dependentes da Consellería de Educación da Xunta de Galicia. Atendendo aos preceptos que o Decreto subliña no seus artigos 8 e 9, tendo en conta que certas medidas son práctica habitual polas características e necesidades máis comúns do alumnado (Medidas Ordinarias) e outras máis excepcionais (Medidas Extraordinarias) e, polo tanto, susceptibles de aplicar cando as necesidades así o demanden ou as familias do alumnado o soliciten dentro das canles establecidas.

En consecuencia, a proposta que se fai para o IES Mendiño dos criterios a seguir para a organización distribución dos recursos e a aplicación do amplo repertorio de medidas e/ou programas que ofrece o Decreto e a seguinte:

6.1. Criterios de utilización dos servizos de apoio

Tendo sempre como referentes os principios de inclusión e normalización, o orientador elevará a proposta de organización da docencia para o alumnado con necesidade específica de apoio educativo á xefatura de estudos. Para o deseño desta atención teranse en conta os seguintes criterios prioritarios:

1. Atenderase a aquel alumnado que así o aconselle a correspondente avaliación psicopedagóxica.
2. Atenderase ao alumnado obxecto dunha ACI.
3. Buscarase un apoio de calidade fronte a un de cantidade.
4. Evitarase o apoio fóra do grupo ordinario e primarase o apoio que non xere dependencia (mellor apoio á aula, que apoio persoa a persoa)
5. Promoverase, no caso de moita diferenza curricular, que o alumnado participe co resto do grupo nas áreas non instrumentais por considerarse que favorece a inclusión, sen menoscabo de que nas áreas instrumentais deberán propiciarse

tarefas que impliquen “non desengancharse” das actividades do resto da aula realizando actividades multinivel.

6.2.1 Criterios para a organización dos apoios

Para o establecemento dos apoios polo profesorado especialista en PT, e profesorado non específico de apoio, teranse en conta os seguintes criterios por orde de prioridade:

1. Alumnado con necesidades educativas especiais permanentes (con discapacidade intelectual, con déficit sensorial, con trastornos motóricos, con trastornos da personalidade,...).
2. Alumnado con necesidades educativas especiais transitorias (porvir doutro sistema educativo, pertencer a grupo desfavorecido, ter estado enfermo un período longo,...).

Nos grupos anteriores a orde de prioridade establecerase en función das necesidades e potencialidades, da competencia curricular e da adaptación á aula (determinadas pola avaliación psicopedagóxica).

3. Alumnado con retraso de aprendizaxe, sempre que a atención ao grupo anterior o permita, atendendo á seguinte orde:
 - Desaxuste de dous ou máis anos con respecto á clase de referencia.
 - Priorización dos niveis máis baixos sempre que non se trate de obxectivos que teñan que conseguirse nese nivel.
 - Pertenza a un grupo-aula de especial dificultade.

6.2.2. Organización dos apoios

A organización dos apoios será aberta, flexible e suxeita a modificacións ao longo do curso, que permita incorporar novo alumnado, modificar a atención indicada,...

Farase apoio en aula procurando non facer ao alumnado dependente deste apoio, tentando que o apoio se dirixa máis á aula que a unha alumna ou un alumno concreto.

O número de sesións de apoio e duración das mesmas determinarase polo Departamento de Orientación unha vez establecida a necesidade. No establecemento dos horarios terase en conta, na medida do posible, a asistencia do alumnado as áreas das especialidades e a coincidencia da área reeducada.

6.2.2.1 Cando exista alumnado que precise reforzo educativo e non puidese recibir apoio especializado por parte das persoas especialistas mencionadas

- Recibirao por parte do profesorado correspondente á area que precise reeducación e/ou reforzo, coa axuda técnica do profesorado de PT, mais a do Departamento de Orientación.
- Pensarase na posibilidade de medidas organizativas diferenciadas como, por exemplo, os agrupamentos flexibles, desdobres; medidas que serán consensuadas co profesorado implicado.

6.2.2.2. Onde se farán os apoios

Como regra xeral, os apoios realizaranse dentro de aula, primando a inclusión e os aspectos sociais sobre os académicos, só “excepcionalmente fóra de aula”

As excepcións que se considerarán polo departamento de orientación son:

- Que a reeducación precise de actividades e/ou recursos que funcionen como distractores fortes de aula e o informe psicopedagógico así o indique.
- Que a clase supoña un distractor tan forte na reeducación que a faga imposible e así o determine o informe psicopedagógico.
- Que o currículo de referencia do alumnado, que requira reeducación, sexa distante en dous ou máis niveis de referencia de aula e que no informe psicopedagógico, prescitivo, se explique a imposibilidade de mellora mesmo no ámbito relacional e social..
- Que a reeducación que se requira sexa moi específica e o informe psicopedagógico así o indique.

Nestes casos sempre se primará a integración e inserción do alumnado e as características socioafectivas, polo que só poderán saír puntualmente fóra de aula segundo se determine na avaliación psicopedagógica..

O criterio prioritario sempre será o beneficio do alumnado segundo estudo pertinente realizado polo departamento de orientación. Os apoios fóra de aula, de producirse, estarán informados debidamente polo orientador e terán permiso do equipo directivo e informadas as familias ou titores legais.

Unha vez determinados os apoios, a súa organización e temporalización, elevarase proposta á Xefatura de Estudos.

Os apoios realizados polo profesorado non especialista en PT realizaranse tamén dentro de aula e o equipo directivo xunto ao departamento de orientación avaliarán a pertinencia da súa realización. Nos casos de desdobres poderán levarse a cabo fóra de aula e será o departamento de orientación e o equipo directivo quen determinarán os espazos que se utilizarán.

7 CONCRECIÓN DAS ACTUACIÓNS DOS DISTINTOS PROFESIONAIS EN RELACIÓN COAS MEDIDAS DESEÑADAS PARA O CENTRO.

Os Departamentos Didácticos do centro establecen medidas de atención á diversidade nas súas programacións didácticas, de acordo coa Orde do 6 de setembro de 2007, apartado 7 d): *“Os departamentos didácticos concretarán o currículo a través das súas programacións, de acordo coas características do alumnado, tendo sempre presente a atención á diversidade e o logro das competencias básicas”.*

No Decreto 229/2912 establécense as seguintes medidas, que se deseñan no centro:

7.1. Medidas Ordinarias

- **Reforzo Educativo (RE) nas áreas instrumentais básicas:** Tal como se establece na Circular 8/2009, Orde 6 de outubro de 1995, e no Decreto 229/2011 da Consellería de Educación, esta medida será levada a cabo polo profesorado que se indica na instrución 5, apartado 1.3 da circular 8/2009, coa colaboración, de ser o caso, do profesorado de Pedagogía Terapéutica.
- **Desdobramentos:** Está medida será levada a cabo polo profesorado do Departamento que imparte a materia correspondente.
- **Programas específicos personalizados.** (Orde 21 de decembro de 2007 e Circular 8/2009): Esta medida, no caso do alumnado repetidor, será levada a cabo polo profesor ou profesora que imparte a área ou materia, coa colaboración, de ser o caso, do profesorado de P.T.

7.2. Medidas extraordinarias

- **Agrupamento específico:** O alumnado que forme parte deste agrupamento terá un retraso escolar significativo. Poderán aplicarlle Adaptacións Curriculares (ACIs) no caso que a persoa especialista da materia o considere necesario para avanzar na súa aprendizaxe.

Será impartido polo profesorado do Departamento correspondente á materia obxecto de ACI . Poderá contar co asesoramento do profesorado de PT en colaboración co Departamento da materia obxecto de ACI.

- **Apoio de profesorado especialista:** O alumnado que reciba apoio especializado por parte do profesorado de PT, tanto dentro como fóra de aula, seguirá os criterios establecidos no epígrafe 6.

- **Adaptacións Curriculares (ACI):** Segundo a Orde 6 de outubro de 1995, esta medida extraordinaria de atención á diversidade será responsabilidade do profesor ou profesora de aula ordinaria co asesoramento do Departamento correspondente obxecto de ACI. Poderá contar co asesoramento do profesorado de PT e do Departamento de Orientación

- **Programa de Diversificación Curricular (PDC):** Será impartido, segundo a Orde 30/07/2007, polo profesorado de educación secundaria (PES) nas materias agrupadas nos respectivos ámbitos Lingüístico - Social e Científico - Técnico. Poderá contar co asesoramento do departamento de orientación.

8 MECANISMOS DE COORDINACIÓN E COLABORACIÓN INTERNOS, ASÍ COMO CON OUTRAS ETAPAS EDUCATIVAS E COS CENTROS ADSCRITOS.

8.1. Mecanismos de colaboración interna.

- ✓ Colaboración co Equipo Directivo. A tal fin, proponse unha xuntanza quincenal de coordinación da Xefatura de Estudos co Xefe do Departamento de Orientación.
- ✓ Colaboración do Xefe do Departamento de Orientación cos distintos Departamento didácticos, co obxectivo de realizar un seguimento das diversas medidas de atención á diversidade implantadas no centro. A tal fin, proponse

unha xuntanza trimestral coas Xefaturas dos Departamentos didácticos implicados en medidas de atención á diversidade.

- ✓ Xuntanzas semanais do Xefe do Departamento de Orientación coas persoas titoras da ESO establecendo dúas quendas: un día dedicado ao 1º e 2º curso de ESO e outro aos cursos de 3º e 4º de ESO, co obxectivo de establecer un seguimento das medidas de atención á diversidade aplicada en cada grupo-clase.
- ✓ Asesoramento ás persoas titoras de Bacharelato. A tal fin, propónse unha xuntanza trimestral co Xefe do Departamento de Orientación para coordinar posibles accións de atención á diversidade co alumnado deste nivel educativo.

8.2. Mecanismos de colaboración cos Centros adscritos.

- ✓ Xuntanzas do Departamento de Orientación do IES cos Departamentos de Orientación dos Colexios de Educación Primaria adscritos ao IES, co obxectivo de coordinar a transición do alumnado de Educación Primaria á Educación Secundaria Obrigatoria. A tal fin, establecese unha xuntanza trimestral cas Xefaturas do Departamento de Orientación dos Colexios de Educación Primaria.

9 CANLES DE COLABORACIÓN COAS NAIS, PAIS OU TITORES E TITORAS LEGAIS DO ALUMNADO E COS DIFERENTES SERVIZOS EXTERNOS AO CENTRO.

Durante todo o proceso de escolarización as familias son parte integrante do mesmo e deben estar informadas en todo momento. A tal fin, realizarase unha xuntanza do Equipo Directivo, Departamento de Orientación e persoal titor coas familias do alumnado de 1º de ESO na primeira quincena do curso, para informalas do PXAD, obxectivos do mesmo, os seus contidos (avaliación inicial, tipos de agrupamento, ...) e solicitar a súa implicación no proceso. Nesta xuntanza informarase tamén dos requirimentos das medidas de atención á diversidade. Faranse tantas xuntanzas como se consideren necesarias, xa sexa por curso, nivel, agrupamentos ou de forma individual, sobre todo coas familias do alumnado que necesite Reforzo Educativo ou Adaptación Curricular, por parte da persoa titora, profesorado, equipo directivo e orientador.

Despois da celebración da avaliación extraordinaria de setembro, o Xefe do Departamento de Orientación manterá xuntanzas coas familias do alumnado seleccionado para formar parte do Programa de Diversificación Curricular (PDC), ao obxecto de informalas das características do mesmo, solicitar a súa colaboración e autorización para que o alumnado implicado forme parte do PDC.

Por outra parte, unha vez rematada a avaliación extraordinaria de setembro, contando co informe favorable da xunta de avaliación, a Xefatura de Estudos convocará unha xuntanza coas familias do alumnado que teña 15 anos cumpridos ou 16, que se atope con baixas expectativas de rematar con éxito a ESO debido a unha mala traxectoria académica, en risco de abandono escolar e exclusión social, para informalas da posibilidade de cursar unha nova modalidade de escolarización que poida dar resposta ás necesidades educativas deste alumnado informándoas dos PCPIs existentes no Concello de Redondela e nas localidades limítrofes.

Polo que respecta ás canles externas de colaboración, o Xefe do Departamento de Orientación – coa presenza dun membro do Equipo Directivo e da persoa titora da alumna ou do alumno - manterá entrevistas en momentos puntuais e xuntanzas, como mínimo trimestrais, coas traballadoras sociais do Concello de Redondela.

Tamén se manterán xuntanzas, trimestralmente como mínimo, nas mesmas condicións marcadas no parágrafo anterior, coa institución Aldeas Infantiles, xa que o centro acolle alumnado baixo a súa custodia e segundo o Decreto 229/2011 “[...] *este alumnado será considerado como alumnado con necesidade específica de apoio educativo por condicións persoais ou de historia escolar. Os centros docentes deben adoptar as medidas de atención á diversidade que procedan, para asegurar o seu proceso educativo*”.

10. PROTOCOLOS PARA SOLICITUDE E/OU AUTORIZACIÓN DAS MEDIDAS EXTRAORDINARIAS.

Os protocolos de solicitude de autorización de medidas extraordinarias figuran no Anexo do presente Plan Xeral de Atención á Diversidade.

11 PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

De acordo co Decreto 229/2011, *a atención á diversidade rexerase polos principios de normalización e inclusión; equidade, igualdade de oportunidades e non discriminación,*

flexibilidade e accesibilidade; interculturalidade e promoción da convivencia, autonomía dos centros docentes e participación de toda a comunidade educativa (Artigo 4).

En consecuencia, o Plan Xeral de Atención á Diversidade está relacionado con todos os documentos do centro, entre outras as programación didácticas e, en especial, co Plan de Acción Titorial, o Plan de Orientación Académica e Profesional e o Plan de Convivencia, unha vez que estea elaborado. Esta interrelación permitirá que a través da súa valoración se obteña información complementaria á que proveña da avaliación concreta e específica do PXAD.

De forma xeral, participará na avaliación todo o profesorado do centro, e teranse en conta as valoracións do alumnado e das súas familias. En cada caso será preciso habilitar distintos momentos e métodos de recollida de información (xuntanza coas familias, xuntanzas dos equipos docentes, Departamentos didácticos, actas de avaliación, cuestionarios, ...)

As conclusións incluíranse na Memoria Anual do Centro e serviran para, no seu caso, introducir as oportunas modificacións no documento.

En todo caso, enténdese a avaliación coma un proceso e non coma un produto. Proponse un enfoque de avaliación cualitativo onde se valoren, entre outros, os seguintes aspectos:

a) Valoración de aspectos relacionados co proceso de elaboración

- Participación /colaboración dos distintos sectores implicados.
- Procedemento e instrumentos para análise da realidade do centro e das necesidades do alumnado.
- Criterios para garantir a adecuación entre as necesidades detectadas, os criterios formulados e as medidas previstas.
- Criterios de selección do alumnado para a súa inclusión nos distintos programas.
- Valoración do grao de utilidade do PXAD para facer explícitas todas as medidas de atención á diversidade no centro, así como da implicación do profesorado na súa planificación e desenvolvemento.

b) Valoración de aspectos relacionados co desenvolvemento do PXAD

- Grao de consecución dos obxectivos formulados.
- Organización dos recursos
- Sobre cada unha das medidas programadas:

- Grao de aplicación
- Adecuación ás necesidades que se propoñía atender.
- Grao de consecución dos obxectivos propostos
- Grao de participación/coordinación dos distintos sectores implicados.
- Grao de satisfacción dos e das profesionais que intervirán no seu desenvolvemento.
- Grao de satisfacción do alumnado e das familias.
- Dificultades que se atoparon.

c) Valoración de resultados

- Con respecto ao alumnado:
 - No ámbito de desenvolvemento persoal e social.
 - No ámbito do desenvolvemento cognitivo.
 - No ámbito da convivencia.
- Con respecto ao centro:
 - No ámbito de planificación conxunta e do traballo en equipo.
 - Na mellora da convivencia.
 - Na diminución do fracaso escolar.
 - Na atención individualizada como factor de calidade educativa.
 - Na implicación do profesorado.

d) Propostas de mellora

- Referentes aos procesos indicados nos apartados anteriores a) b) e c).
- Referentes ao establecemento de novas medidas de atención á diversidade ou modificación das existentes.

11.1. Elaboración e relación co Proxecto Educativo

Réxese polo Artigo 11 do Decreto 229/2011.

Apartado 1 do artigo 11: *“Os Departamentos de Orientación serán os responsables de elaborar, de acordo coas directrices da Comisión de Coordinación Pedagóxica e as achegas dos departamentos e ou equipos de ciclo, a proposta do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que trasladará ao equipo directivo”.*

Apartado 2 do artigo 11: *“O Plan Xeral de Atención á Diversidade será aprobado polo Consello Escolar, por proposta do Claustro do profesorado, e pasará a formar parte do Proxecto Educativo”.*

Apartado 3 do artigo 11: *“O equipo directivo será o responsable do desenvolvemento, seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade”.*

Apartado 4 do artigo 11: *“Ao comezo de cada curso escolar, os Departamentos de Orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da programación xeral anual”.*

Apartado 5, artigo 11: *“O equipo directivo incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á programación xeral anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria”.*

11.2. Seguimento, avaliación e memoria

Apartado 1, artigo 13: *“Cada centro educativo establecerá os mecanismos e indicadores para o seguimento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade”.*

Apartado 2, artigo 13. *“Ao final de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación, o Departamento de Orientación de cada centro elaborará a correspondente memoria do Plan Xeral de Atención á Diversidade, e establecerá, de ser o caso, as pertinentes propostas de mellora. Esta memoria incorporarse á memoria do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro”.*

11.3. Supervisión

De acordo co artigo 14 do Decreto 229/2011, polo que se regula a atención á diversidade na Comunidade Autónoma de Galicia:

“Corresponde aos servizos de Inspección Educativa supervisar a elaboración, desenvolvemento e avaliación do Plan Xeral de Atención á Diversidade, así como prestar o asesoramento necesario para tales fins.”

ANEXOS

ANEXO I

MEDIDAS ORDINARIAS DE RESPONSA Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO

No que segue, ofrécese un conxunto de medidas con carácter orientativo que pode ser ampliado con todas aquelas que cada profesor ou profesora considere oportuno. Todas elas son responsabilidade do profesorado que imparte cada materia e que terá referencia nas programacións didácticas dos Departamentos didácticos.

1. Respecto á temporalización:

- Modificar o tempo previsto para o desenvolvemento da tarefa, para a adquisición dun contido,
- Acelerar/desacelerar a introdución de novos contidos.

2. Respecto á metodoloxía e ás actividades:

- Establecer diferentes niveis de axuda dentro da aula. Desenvolver distintas técnicas instrucionais ou procedementos didácticos en función das dificultades.
- Diseñar actividades de aprendizaxe diferenciadas, con distinto grao de complexidade e profundización en función do nivel do alumnado: de reforzo, de ampliación, de síntese,
- Utilizar formas de traballo cooperativo a través de proxectos e obradoiros.
- Establecer periodicamente horas de consulta ao profesorado correspondente.
- Coidar moito que o alumnado comprenda a información que se lle proporciona. Para iso, ás veces haberá que darlles instrucións individuais e, mesmo, analizar pormenorizadamente con eles e elas as diferentes partes que compoñen a tarefa, o que deben facer, que pasos deben seguir,...

3. Respecto aos materiais.

- Adecuar os materiais escritos. Por exemplo, o profesorado pode elaborar resumos, esquemas, vocabulario previo, etc., que permita ao alumnado acceder á comprensión dun tema.
- Utilizar unha gran variedade de recursos didácticos (fotografías, vídeos, diapositivas, ordenador, ...) e non só o libro de texto, xa que se debe contribuír a desenvolver a competencia de aprender a aprender, polo que se ten que ensinar estratexias de busca e selección da información.

4. Respecto aos agrupamentos

- Probar diferentes agrupamentos para as tarefas e para os diferentes alumnos e alumnas; ás veces un simple cambio de lugar de traballo ou de compañeiro ou compañeira pode arranxar unha situación conflitiva.
- Favorecer a aprendizaxe entre iguais (conseguir a colaboración do alumnado, crear grupos de traballo cooperativo, ...)

5. Respecto á avaliación

- Proporcionar ao alumnado información clara e concisa sobre os criterios de avaliación e de cualificación e comprobar que o alumnado comprende ditos criterios.
- Avaliar os obxectivos relevantes que permitan alcanzar as competencias básicas.
- Seleccionar instrumentos de avaliación variados (observación, probas orais, escritas, tipo test, traballos individuais e en grupo, valoración dos procedementos e actitudes cara á aprendizaxe, darlles a coñecer os resultados da avaliación ou corrección, autocorrección, coavaliación, ...).
- Avaliar non só produtos senón tamén procesos de ensino – aprendizaxe e aprendizaxe – ensino.

6. Respecto aos obxectivos e contidos.

- Priorizar uns obxectivos sobre outros en función das capacidades do alumnado, prestando especial atención ao desenvolvemento de capacidades e adquisición das competencias básicas.
- Organizar e secuenciar os contidos de forma distinta. Dar máis tempo para a adquisición de determinados contidos e respectar os distintos ritmos e niveis de aprendizaxe.
- Utilizar diferentes estratexias para presentar os contidos e non só os métodos expositivos.
- Tratar de forma equilibrada os diferentes tipos de contidos presentes na área ou materia. Non fixar unicamente contidos conceptuais.

-
- Establecer plans de traballo personalizados, para que aínda traballando os mesmos contidos, non todo o alumnado teña que facer o mesmo nin co mesmo nivel de dificultade.

7. Estratexias para a mellora dos Hábitos de Traballo.

- Orientacións para a organización e xestión do tempo de estudo. Plan diario. Uso da AXENDA PERSOAL.
- Control frecuente do traballo do alumno ou alumna. Revisión e seguimento dos cadernos de clase.
- Axuda para dividir as tarefas extensas e complexas en pequenas tarefas máis curtas e simples.
- Creación de hábitos de subliñado, elaboración de esquemas, resumos, ...
- Implicación das familias para que apoiem a realizacións das tarefas escolares na casa.

8. Estratexias para a mellora da comprensión e memorización de contidos escolares.

- Anticipación de contidos (que sei, que quero descubrir, que aprendín, que me falta por aprender).
- Levar esquemas previamente preparados con algunhas lagoas de información que o alumnado deberá ir completando.
- Clarificación de conceptos esenciais.
- Relacionar ideas, conceptos, ... con outros xa aprendidos.

9. Estratexias para a mellora da autonomía persoal e a socialización.

- Aumento da participación en clase dando pequenas responsabilidades.
- Axustar o nivel de axuda ás necesidades e situacións.
- Dar valor as tentativas que o alumnado fai para resolver determinadas tarefas e conflitos persoais ou gripais.
- Organizar unha folla de rexistro coas dificultades e evolucións do alumnado con dificultades.
- Promover a toma de decisións do alumnado en xeral e do alumnado con dificultades en particular.
- Reforzar comportamentos adecuados na clase.

-
- Procurar ignorar os comportamentos menos perturbadores, intervindo nos problemáticos considerados prioritarios a través de diversas estratexias (contratos, sistemas de fichas para reforzar os máis adecuados,...) entre outros.
 - Establecer ambientes menos competitivos e máis de colaboración nas clases.
 - Solicitar ao alumnado con máis dificultades tarefas que de partida se sabe que pode facer.

10. Estratexias de mellora da atención.

- Sentar a alumna ou alumno na zona que teña os menores distractores.
- Situar a alumna ou alumno de maneira que consiga visualizar o encerado sen necesidade de realizar axustes motores continuos.
- Que non teña na mesa nada que non sexa o que necesita nese momento.
- Axudar a que organice as súas tarefas de forma estruturada.
- Establecer regras claras esixindo o seu cumprimento.
- Facer preguntas directas reclamando a súa atención.
- Variar o ton de voz
- Usar e reclamar o contacto visual.
- Explicar a finalidade e a relevancia da tarefa, individualmente se fose preciso.
- Organizar a aula de maneira que se formen pequenos grupos ou parellas que axuden manter a atención do alumnado con máis dificultades neste sentido.

11. Estratexias para mellorar a conduta e as actitudes.

- Aínda que sexa un bloque que se traballa nas sesións presenciais de titoría ao comezo de cada curso, será tarefa de todo equipo educativo o traballo conxunto, coa participación de todo o alumnado, sobre o establecemento e mantemento dunhas normas na aula que permitan que o proceso de ensino e aprendizaxe se poida levar a cabo nas mellores condicións.

12. Estratexias para elevar a autoestima.

- Recoñecemento privado e público dos éxitos.
- Análise dos acertos/erros desde un punto de vista construtivo, é dicir, valorar os aspectos positivos e mellorables, informando ao alumnado sobre como mellorar a súa execución.
- Outorgarlle responsabilidades dentro do grupo.

ANEXO II

FOLLA DE DEMANDA AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

I.- DATOS PERSOAIS DA ALUMNA OU ALUMNO (no caso de que a petición de axuda sexa para unha alumna ou alumno).

Nome e Apelidos:

Idade: **Curso e grupo:**

Ten repetido curso ou cursos? SI / NON Cal:

Materias non superadas en cursos anteriores:

.....
.....
.....

Titora / Titor:

Data da demanda:

II.- DATOS DO GRUPO (se axuda solicitada é para un grupo)

Nº de alumnado:

Curso e grupo:

Titora / Titor:

Data da demanda:

III.- MOTIVO QUE ORIXINA A DEMANDA: (especificar con claridade)

.....
.....
.....
.....

IV.- QUE MEDIDAS SE TEÑEN ADOPTADO E QUE RESULTADOS SE OBTIVERON:

.....
.....
.....
.....

V.- DATOS ACADÉMICOS:

Dificultades nas materias instrumentais:

- **Expresión oral:**
.....
.....
- **Comprensión oral:**
.....
.....
- **Expresión escrita:**
.....
.....
- **Comprensión lectora:**
.....
.....
- **Cálculo matemático básico:**
.....
.....
- **Resolución de problemas:**
.....
.....

VI.- CONDUCTA E RELACIÓNS SOCIAIS.

- **Conduta ante o profesorado:**.....
.....
.....
- **Conduta na casa:**
.....
.....
- **Integración no grupo:**
.....
.....

VII.- DATOS PERSOAIS E FAMILIARES (que afecten ao proceso de ensinanza e aprendizaxe)

.....
.....

VIII.- OUTROS DATOS DE INTERESE:

.....
.....
.....
.....

IX.- QUE SE SOLICITA AO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN

- Avaliación psicopedagóxica
- Apoios
- Entrevista coa familia.
- Entrevista co alumno ou alumna.
- Control do Plan de traballo.
- Técnicas de estudo.
- Mellora da comprensión e expresión oral, lectora e escrita.
- Mellora no cálculo e/ou resolución de problemas.
- Mellora da autoestima.
- Mellora das habilidades sociais.
- Mellora da atención.
- Outros (especificar).

Asinado:

Vº e Prace da Xefatura de Estudos

ANEXO III

INFORME PSICOPEDAGÓXICO

Nome:
Data de nacemento:
Data de avaliación:
Curso:
Centro:

NOTA: Os datos incluídos no presente informe, son estritamente confidenciais e reflicten unicamente a súa situación actual, sen presupoñer a súa evolución no futuro.

1.DATOS PERSOAIS

Nome e apelidos:
Expediente D.O.nº:
Data de nacemento:
Data da avaliación:
Idade:
Centro escolar:
Nivel educativo:
Nome da nai e do pai:
Domicilio:
Teléfono:

2. MOTIVO DA AVALIACIÓN:

3. PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN:

4. ACTITUDE AO LONGO DA AVALIACIÓN:

5. HISTORIA PERSOAL/FAMILIAR E ESCOLAR:

(Aspectos biolóxicos, socio-familiares, psicolóxicos, educativos, competencia curricular nas diferentes materias, estilo de aprendizaxe, medidas de apoio, ...)

6. CONCLUSIÓNS DA AVALIACIÓN:

7. ORIENTACIÓNS PARA A PROPOSTA CURRICULAR. (Escolares e familiares)

Redondela,.....de.....de 20

Asinado:

Orientador

ANEXO IV

FICHA INDIVIDUAL DE SEGUIMIENTO DE REFORZOS EDUCATIVOS

Alumno ou alumna:

Breve historia académica:

TITOR /TITORA

Obxectivos do reforzo:

.....
.....
.....
.....
.....

SEGUIMIENTO MENSUAL

Data: **Profesor ou profesora:**

Actuación:.....
.....
.....

Observacións:

.....
.....
.....
.....

Data: **Profesor ou profesora:**

Actuación:.....
.....
.....

Observacións:

.....
.....
.....
.....

Data: **Profesor ou profesora:**

Actuación:.....
.....
.....

Observacións:
.....
.....
.....
.....

Data: **Profesor ou profesora:**

Actuación:.....
.....
.....

Observacións:
.....
.....
.....
.....

CUESTIONARIO PARA A AVALIACIÓN DO PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CURSO 2012-13

CENTRO I.E.S. MENDIÑO (Redondela)

1. Recursos do centro para a Atención á Diversidade no presente curso escolar:

Tipo de recurso	Nº
PT	
AL	
REFORZO EDUCATIVO	
AGRUPAMENTOS	
ADAPTACIÓN CURRICULARES (ACIs)	
PDC	
PROA	
PCPIs	
OTROS (Especificar)	

2. Procedemento xeral de detección de necesidades:

- **Cumprimento:** Levouse a cabo o procedemento acordado?

- **Grao de adecuación:**

- **Propostas de mellora:**

3. Medidas ordinarias de atención á diversidade:

3.1.- Reforzos educativos:

NIVEL: _____

Reforzo de (Materia) _____ _____	Grupo/s: Nº de alumnado implicado: Criterios para o agrupamiento do alumnado: Temporalización: Obxectivo que se persigue: Profesorado implicado: Resultados alcanzados (nº alumnado que ten mellorado)
---	--

(Esta táboa repetirase por cada nivel que se realice o reforzo)

- **Cumprimento:** Realizáronse os reforzos educativos?

- **Grao de adecuación:** Foron útiles?. Hai outras necesidades?

- **Propostas de mellora:**

3.2.- Coordinación co Departamento de Orientación

- **Cumprimento:** Existiu coordinación?, Nos momentos adecuados?, (Cantas xuntanzas houbo no curso pasado e temas que se tratou nas mesmas)

- **Grao de adecuación:** Foi útil a coordinación?

- **Propostas de mellora:**

4.2.- Apoios dentro de aula ordinaria:

- **Cumprimento:** Leváronse a cabo segundo o proxecto previsto?:

- **Grao de adecuación:** Foron suficientes?

- **Propostas de mellora:**

4. Medidas extraordinarias

4.1.- Agrupamentos flexibles:

NIVEL: _____

Materia: _____

Nº de grupos implicados:

Nº de alumnado implicado:

Criterios para o agrupamento do alumnado:

-
-

Estrutura do agrupamento resultante:

profesorado implicado:

Temporalización:

Obxectivo que se persegue:

Resultados alcanzados (nº de alumnado que ten mellorado)

(Esta táboa repetirase por cada nivel que se realice o reforzo)

- **Cumprimento:**

- **Grao de adecuación:**

- **Propostas de mellora:**

4.3.- Apoio para Necesidades Educativas Específicas (nee) por parte do P.T.

MEDIDAS			ESO 1º	ESO 2º	ESO 3º	ESO 4º	1º BACHAREL	2º BACHAREL
APOIO DE COMPENSACIÓN EDUCATIVA	APOIO EN GRUPOS ORDINARIOS							
	GRUPOS DE APOIO	DEFASE CURRICULAR						
		CONDUCTAS DISRUPTIVAS						
NEE: PROFESOR DE PEDAGOXÍA TERAPÉUTICA	SEN ADAPTACIONES							
	CON APOIO DENTRO DA AULA ORDINARIA							
	CON ADAPTACIÓN CURRICULAR							
OUTRAS								

- **Cumprimento:** Levouse a cabo segundo o procedemento acordado?

- **Grao de adecuación:**

- **Propostas de mellora:**

5. Avaliación dos documento empregados

(En cadanseu documento valorarase a súa utilidade, grao de cumprimento, modificacións levadas a cabo e propostas de mellora si se cre necesario)

- **Modelo de ACI:**

- **Boletín de información trimestral ás familias do alumnado con necesidades educativas específicas (nee):**

- **Plan de acollida:**

- **Outros documentos de interese relacionados co tema:**

- **Propostas de mellora:**